

# PROXECTO DE XESTIÓN DO CENTRO

C.R.A. BOQUEIXÓN-VEDRA  
“Neira Vilas”



## LEXISLACIÓN

- **LOMLOE. Lei orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **LOE. Texto consolidado da Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da LOMLOE.
- Modificación de postos de traballo publicada no DOG do 29 de xullo de 2014

### 1. RECURSOS FÍSICOS E HUMANOS

O noso centro trátase dun centro público encadrado dentro dos Centros Rurais Agrupados de Galicia composto por 8 unidades por catálogo (publicado no DOG do 29 de xullo de 2014), tres delas situadas no Concello de Boqueixón e cinco en Vedra. Dispoñemos de 6 escolas, por unha parte. As que están situadas no Concello de Vedra: San Xián, Sarandón e San Fins e por outra parte: Camporrapado, Sergude e Lestedo, pertencentes ao Concello de Boqueixón.

Segundo o catálogo publicado os postos de traballo do centro son os seguintes:

ESPECIALIDADES	
<b>EI</b> <b>(Educación Infantil)</b>	8
<b>EP</b> <b>(Educ. Primaria)</b>	1
<b>EM</b> <b>(Educ. Musical)</b>	1
<b>EF</b> <b>(Educ. Física)</b>	1
<b>FI</b> <b>(Filoloxía inglesa)</b>	1
<b>AL</b> <b>(Audición e linguaxe)</b>	1
<b>PT</b> <b>(Pedagogía terapéutica compartida)</b>	1
<b>FR</b> <b>(Formación relixiosa)</b>	1
<b>Orientadora</b> <b>(Compartida co CPI de Ortigueira)</b>	1

En canto o persoal activo no centro , dicir que, conforman o persoal docente un total de **dezaseis definitivos** distribuídos segundo as súas especialidades do seguinte xeito:

• Educación Infantil.....	8
• Educación Primaria.....	1
• Filoloxía Inglesa.....	1
• Educación Musical.....	1
• Audición e linguaxe.....	1
• Formación Relixiosa.....	1
• Educación física.....	1
• Pedagogía Terapéutica.....	1
• Orientadora.....	1
Total.....	16

Ademais deste persoal, temos como persoal non docente, unha cuidadora por mor das NEAE que temos no centro.

## 2. RECURSOS ECONÓMICOS

Para o ano 2023 contamos co seguinte orzamento:

- 9.296€ dotación asignada pola Consellería para os gastos de funcionamento. Realmente deron 15.142€ pero 5.846€ déronos como anticipo en decembro do ano 2022 e así figura nas contas do 2022.

- **23.745,9€** Remanente do ano anterior.

- **TOTAL: 33.041,9€**

O devandito orzamento distribuírémolo do seguinte xeito:

- **Funcionamento das escolas** 3.105€= 300€ por cada escola 2.100€. A maiores 5€ por neno (67 nenos e nenas)=1.005€
- **Itinerancias**-----7.968€
- **Biblioteca**-----920€ do Plambe+500€ do orzamento do Centro .
- **Normalización**-----348€
- **Gastos diversos do Centro**-----20.200,9€

## 3. RECURSOS MATERIAIS

Tódolos recursos do centro, tanto material didáctico, informático e mobiliario, están inventariados no XADE. Dende o centro faise petición a primeiros de curso tanto as Administracións Locais coma a Consellería para ampliar, mellorar e repoñer o material das distintas escolas.

Así mesmo procuramos dende o centro tratar de ampliar este material a través do orzamento do Plambe, así como da nosa participación en proxectos e premios.

#### 4. RESPONSABLES

- ❖ **Equipo directivo:** Elabora, aprobar e executar o Proxecto de Xestión do Centro
- ❖ **Consello Escolar e Claustro:** Evaluar e facer propostas o P.X.C.